

PACTO DE SELECCIÓN TEMPORAL
PERSONAL LICENCIADO SANITARIO DE ATENCIÓN HOSPITALARIA
LISTAS DEFINITIVAS 1º PROCESO
(Publicación DOG núm 168, do 1 de setembro)

PREGUNTAS FRECUENTES sobre a entrada en vigor das primeiras listas de selección temporal de persoal licenciado sanitario de atención hospitalaria e a xestión de chamamentos.

a) ENTRADA EN VIGOR DAS LISTAS

Cando entran en vigor as primeiras listas de facultativo/a especialista de área?

O día 2 de setembro de 2021 (DOG número 168, do 1 de setembro).

Unha vez publicadas as listas definitivas, podería modificar a elección dos distritos seleccionados como preferentes?

Ábrese o prazo dun mes, desde o 2 de setembro ata o 1 de outubro de 2021, para que os/as aspirantes admitidos/as que o desexen poidan modificar, a través de Fides accedendo ao seu formulario de inscrición, a selección dos distritos sanitarios efectuada na súa inscrición inicial. Tales cambios faranse visibles e producirán efectos no seguinte proceso de actualización de listas.

Non figuro admitido/a nestas listas porque finalicei a residencia no ano 2020-2021, pero formalicei a miña inscrición en Fides antes do 1 de xullo de 2021. Cando se publicarán novas listas?

O Pacto prevé a súa actualización cada ano, coas solicitudes e méritos presentados ata o 30 de xuño. Proximamente, unha vez realizados os exercicios da fase de oposición da OPE iniciarase un novo proceso de xeración que incluírá as novas solicitudes presentadas ata o 30 de xuño de 2021.

Non figuro incluído/a nas listas en vigor, publicadas o 1 de setembro, pode o SERGAS chamarme para un vínculo?

Si. Poden chamarte aínda que non esteas incluído/a nas listas. Está previsto que no caso de que non haxa aspirantes dispoñibles nas listas publicadas, se acuda a aquelas novas inscricións realizadas en Fides/expedient-e, con posterioridade á data límite de inscrición para as listas en vigor (1 de xullo de 2019).

A orde de prelación entre estes/as novos/as inscritos/as realizarase en primeiro lugar pola data de obtención da especialidade. No suposto de empate, pola data de rexistro da súa inscrición nas listas e de persistir o empate pola data de alta da inscrición en Fides.

Veño prestando continuamente os mesmos servizos como persoal temporal por un período igual ou superior a 2 anos, na data do 1 de marzo de 2021 e figuro admitido/a nestas listas ou participei desde o 1 de xaneiro de 2019 nalgún proceso de concurso de méritos convocado polas Xerencias. Se ceso no vínculo actual, o seguinte nomeamento xa se efectuaría por lista?

*Non, neste suposto tes **garantida a continuidade na prestación de servizos** no SERGAS, ata o día no que se publique en DOG a resolución pola que se procede ao nomeamento, como persoal estatutario fixo, dos/das aspirantes seleccionados/as na OPE, da mesma especialidade.*

A partir desta data, a túa vinculación seguiría xa o réxime de listas.

Que baremo aplicará nas seguintes listas?

*As novas listas incorporarán xa a **nota OPE dos próximos exames** e terán en conta o baremo de méritos publicado no Diario Oficial de Galicia do 30 de xuño de 2021.*

b) XESTIÓN DE CHAMAMENTOS

b.1) Distrito Sanitario non preferente:

Renunciar a unha oferta ou nomeamento xa formalizado nun distrito non seleccionado como preferente penaliza?	<i>Non dará lugar a ningún tipo de penalización.</i>
Que se me pode ofertar se estou vinculado/a cun nomeamento nun distrito distinto do/dos seleccionado/s como preferente/s (non preferente)?	<i>Toda vinculación que se xere nalgún/s do/dos distrito/s seleccionado/s como preferente/s, con independencia da súa duración e réxime de xornada.</i>
Que acontece se estou vinculado/a nun distrito non preferente e renuncio a unha oferta de nomeamento de duración inferior a un ano nun distrito preferente?	<i>Permanezo como dispoñible para novas ofertas de vinculación nese distrito preferente.</i>
Que acontece se estou vinculado/a nun distrito non preferente e renuncio a unha oferta de nomeamento de substitución de longa duración (igual ou superior a un ano) nun distrito preferente?	<i>Permanezo como dispoñible en distrito preferente só para vínculos de interinidade en praza vacante.</i>
Que acontece se estou vinculado/a nun distrito non preferente e renuncio a unha oferta de nomeamento de interinidade en praza vacante nun distrito preferente?	<i>Permanezo como indispoñible para todo tipo de vinculación en calquera distrito preferente ata a finalización do meu nomeamento.</i>

b.2) Distrito Sanitario preferente:

Renunciar a unha oferta ou nomeamento xa formalizado en calquera distrito seleccionado como preferente penaliza?	<i>Agás que veña motivada por unha mellora do vínculo, a renuncia si dará lugar a penalización: -Se non tes ningún nomeamento e renuncias a unha oferta de vinculación nun distrito preferente: penaliza. -Se tes un nomeamento nun distrito preferente e renuncias a el sen causa de mellora: penaliza. -Se tes un nomeamento de duración inferior a un ano (incluíndo o nomeamento de atención continuada/gardas), ou a tempo parcial calquera que sexa a súa duración, e renuncias a unha oferta de vinculación de longa duración nese mesmo distrito preferente: penaliza.</i>
En que consiste a penalización?	<i>Renunciar por primeira vez implica un ano ao final da lista. Renunciar por segunda vez implica un ano de exclusión da lista.</i>
A renuncia a unha oferta de nomeamento de longa duración nun distrito distinto ao de vinculación penaliza?	<i>Non penaliza. A aceptación terá carácter voluntario. No suposto de renuncia a persoa aspirante permanecerá como indispoñible para sucesivos chamamentos nese distrito ata a finalización do seu vínculo.</i>
Que se me pode ofertar se estou vinculado/a nun distrito seleccionado como preferente?	<i>Os vínculos de longa duración que xurdan noutro distrito preferente, ou no mesmo distrito no que estou vinculado. Neste último caso só se o meu nomeamento é de duración inferior a un ano, ou a tempo parcial, ou non se</i>

trata dun vínculo de interinidade en praza vacante

Que se me pode ofertar se estou vinculado/a nun distrito preferente cun nomeamento inferior a un ano?

Os vínculos de longa duración que xurdan no mesmo e distinto distrito preferente

Que se me pode ofertar se estou vinculado/a nun distrito preferente nunha substitución de longa duración?

As interinidades en praza vacante que xurdan no mesmo distrito e calquera vínculo de longa duración que xurda noutro distrito preferente

Que se me pode ofertar se estou vinculado/a nun distrito preferente nunha interinidade en praza vacante?

Calquera vínculo de longa duración que xurda noutro distrito preferente

b.3) Nomeamento de atención continuada/gardas:

Que se me pode ofertar se estou vinculado/a cun nomeamento de atención continuada/gardas?

Ademais das melloras expostas nos apartados b.1 e b.2, calquera outra modalidade de nomeamento de curta duración.

Se estou vinculado/a cun nomeamento de atención continuada/gardas e se me oferta un nomeamento de curta duración, debo aceptalo?

A aceptación do nomeamento de curta duración é voluntaria para este suposto.

Se estou vinculado/a cun nomeamento de atención continuada/gardas nun distrito seleccionado como preferente e se me oferta un vínculo de longa duración no mesmo distrito preferente, debo aceptalo?

A aceptación do vínculo de longa duración é obrigatoria para este suposto.